

---

**RIOTORTO***Anuncio*

Transcríbese o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 07/10/2016 xunto coa ordenanza aprobada definitivamente.

**CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)****ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO EN RIOTORTO, ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS. APROBACIÓN SI PROcede.**

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta á coorporación municipal do estado actual do expediente de imposición e ordenación da taxa polo servizo de recollida de lixo, actualización das tarifas.

Considerando que no expedientes constan os informes de Secretaría e Intervención favorables a citada ordenanza.

Vista a proposta de alcaldía que se sinala: "Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 Marzo, entre os que se encontra a referida taxa polo servizo de recollida de lixo en Riotorto.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos ao expediente e polo que propón ao Pleno que acorde:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula a citada taxa.
2. O presente acordo provisional, expoñelo ao público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.
3. Rematada a exposición pública o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houbesen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza.

4. O acordo definitivo que se houbera adoptado ou provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no B.O.P.
5. A referida ordenanza fiscal entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no B.O.P. sendo de aplicación dende o 1 de xaneiro de douce mil dezasete."

Sométese a votación a proposta da Alcaldía.

A Corporación Municipal co voto favorable dos 5 concelleiros do grupo municipal P.P. e o voto en contra dos tres concelleiros do grupo municipal do BNG-Asambleas Abertas acorda aprobar a proposta da alcaldía citada anteriormente.

O texto da ordenanza consta no expediente obrante da Secretaría municipal.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO EN RIOTORTO.****Artigo primeiro.- Fundamento e natureza.**

1. En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por recollida de lixo.
2. Polo carácter hixiénico sanitario, a recepción do servizo é obligatoria.
3. Taxa de conformidade co disposto no artigo 20.4.s) do Real decreto lexislativo citado.

**Artigo segundo.- Feito imponible.**

1. Constitúen o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obligatoria da recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais e establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, comprendendo, ademais, as operacións de transporte encamiñadas a eliminación dos refugallos e residuos.

2. A tal efecto considerase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e refugallos de alimentación o detritus procedente da limpeza normal de locais e vivendas, excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materiais e materiais

contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a prestación de carácter voluntario e a instancia de parte dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

### **Artigo terceiro.- Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso , de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### **Artigo cuarto.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo quinto.-Exencións.**

1. Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que sexan preceptores de pensións non contributivas, sempre que estas constitúan o único ingreso da unidade familiar. O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude do interesados e a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

2. Gozarán de exención aqueles contribuíntes que teñan a súa vivenda ou local comercial e industrial a máis de 400 metros do punto de recollida. O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude do interesados e a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

### **Artigo sexto.- Cotas tributarias**

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local ou vivenda que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.
2. Para o calculo da cota aplicaranse as seguintes tarifas mensuais en todo o municipio:

	<b>Z. Urbana</b>	<b>Z. Rural</b>
-Vivendas	8,01	6,51
-Restaurantes, hoteis e hostais	13,51	13,51
-Bares, cafetarías e tabernas	10,51	8,01
-Supermercados e tendas de alimentación	13,51	10,51
-Pequenas industrias (talleres mecánicos, carpinterías, panadarías,pastelerías, fabricación de bebidas, serradoiros, etc)	9,01	9,01
-Outros locais comerciais (bancos, librarías, xestorías, despachos profesionais, comercios textís, bazares, estacións de servizo, famacias, perruquerías, almacéns vinculados a unha actividade, etc)	10,51	10,51
-Locais industriais e de fabricación (fabricación de toda clase de mobles e elaboración de produtos cárnicos, etc)	13,51	13,51
-Calquera tipo de local non especificado onde se exerza actividade	9,01	8,01
- Locais comerciais sin actividade	3,01	2,01

Nos barrios de Veiga e Cornide aplicarase a tarifa urbana.

3. Se nun mesmo local se exerce máis dunha actividade tributarase pola incluída na tarifa máis alta
4. As tarifas previstas poderán incrementarse anualmente de acordo co índice de prezos ao consumo (IPC) anual con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano.

### **Artigo séptimo. -Devengo .**

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obligatoria daquel, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

### **Artigo oitavo.- Administración**

1. Anualmente formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cuotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza, o cal será exposto ao público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e edictos na forma acostumada na localidade.



## CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

Transcorrido o prazo de exposición ao público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e establecerá definitivamente o padrón que servirá de base para os documentos cobratorios

correspondentes. De non producirse reclamacións aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

### Artigo noveno.- Baixas

As baixas deberán cursarse ao máis tardar o último día laborable do respectivo período para surtir efectos a partir do seguinte. Quenes incumpran tal obrigación seguirán suxeitos ao pago da exacción. Fora do solo urbano, ao ser o cobro semestral, no caso de baixas, as cotas prorrateveranse por semestres.

### Artigo décimo.- Altas

As altas que se produzcan dentro do ejercicio surtirán efecto, no solo urbano, no período de cobro no que se produzcan e no medio rural as cotas prorrateveranse por semestres, cobrándose aquél no que se produzcan.

Pola administración procederase a notificar aos suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, con expresión de :

a)Os elementos esenciais da liquidación.

b)Os medios de impugnación que podan ser exercidos, con indicación dos prazos e organismos no que haberán de ser interpostos.

c)Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a deuda tributaria.

### Artigo undécimo.- Cobranza

A tasa por prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo devengarase en solo urbano cada catro meses completos, o día primeiro do período vencido e no medio rural semestralmente, nas datas sinaladas pola Xunta de Goberno. Transcorrido o prazo de dez días dende a presentación dos recibos na forma establecida iniciarase a vía de apremio.

### Artigo duodécimo.- Infraccións e sancións.

En todo o referente as cualificacións de infraccións tributarias, así como das sancións que lles correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a ordenanza publicada no BOP de 16 de Xaneiro de 2001 de recollida de residuos sólidos urbanos.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrara en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día un de enero de dous mil dezasete, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Riotorto, 19 de Decembro de 2016.- O Alcalde, Clemente Iglesias González

R. 3934